

Luzes fundación

Iª EDICIÓN DO PREMIO PABLO L. OROSA DE FOTOXORNALISMO

ORGANIZA FUNDACIÓN LUZES

A Fundación Luzes asumiu un firme compromiso a favor de Galicia. En cumprimento dos seus fins estatutarios: promover o fomento e difusión da cultura galega, o estudo e investigación sobre a sociedade galega, a promoción do debate público e de elaboración de propostas para os problemas e retos de Galicia, a Fundación Luzes convoca a Iª edición do **Premio Pablo L. Orosa de fotoxornalismo**.

O obxectivo do premio é dar anualmente visibilidade a temas de interese da realidade galega, así como abrir novas oportunidades a profesionais do fotoxornalismo en Galicia.

A Fundación Luzes quere tamén homenaxear ao fotoxornalista e escritor galego Pablo L. Orosa, como exemplo das achegas de excelencia que profesionais novas poden desenvolver nesta actividade.

O premio **Premio Pablo L. Orosa de fotoxornalismo** rexerese polas seguintes Bases:

PRIMEIRA

Temática e condicións

- 1-. O concurso vai dirixido a **persoas maiores de 18 anos**.
- 2-. A **temática das imaxes versará sobre o tema "Verán 21: Galicia, marco incomparable"**.
- 3-. As fotografías estarán feitas no **territorio galego**, durante os meses anteriores á data de peche desta convocatoria, e **inéditas**, non publicadas en ningún medio de comunicación.
- 4-. As **imaxes deben formar unha serie** que conte unha historia por medio da fotografía. A serie completarase cun breve resumo ou sinopse que mencione as razóns que guiaron o traballo, eventuais atrancos e/ou dificultades na súa realización
- 5-. Cada participante poderá presentar dende **un mínimo de 5 até un máximo de 8 fotografías**.
- 6-. Non se admitirán aquelas que leven sinatura ou calquera outra marca identificativa. Non se poderán presentar fotografías xa premiadas noutros certames. Non se aceptarán fotomontaxes, nin imaxes modificadas no seu contido.

Luzes fundación

- 7-. As imaxes deberan ter como mínimo una **lenda obrigatoria** cos detalles do que é, onde, cando...
- 8-. Cada participante garante que é autor/a único/a das fotografías e **titular de todos os dereitos de autor/a** das mesmas.
- 9-. A organización do concurso asume que **o autor/a posúe todos os permisos dos retratados/as**.
- 10-. Os participantes ceden á Fundación Luzes, organizadora do premio, a difusión por calquera medio das imaxes presentadas durante o período aberto para a recepción das mesmas.
- 11-. Todos os participantes, polo feito de presentarse ao concurso, autorizan á Fundación Luzes a publicar as imaxes en calquera medio promocional do certame citando sempre o nome do autor/a polo tempo máximo autorizado na vixente lexislación reguladora da propiedade intelectual.
- 12-. Os **autores/as premiados conservarán os dereitos de autoría da súa obra**, que lle reserva a vixente lexislación reguladora da propiedade intelectual, polo que serán citados en calquera uso futuro da obra. Os autores/as poderán facer uso das súas obras premiadas como promoción persoal ou en concepto de currículo artístico.

SEGUNDA

Presentación das imaxes

- 1-. Fotografías en **branco e negro ou en cor**.
- 2-. **Formato dixital JPEG** con dimensións máximas de 6000 píxeles no lado maior e mínimas de 3000 píxeles no menor.
- 3-. O tamaño total dos arquivos non pode superar aos **5 Mb**.
- 4-. Modo de cor **RGB**.
- 5-. Poderán incluír **metadatos** nos que se indique: título, autor/a, lugar e data da toma, descrición do acontecemento e, se fose de interese, nome dos protagonistas.
- 6-. A reportaxe deberá ter **título**.

Luzes *J* fundación

TERCEIRA

Envío das fotografías

1-. As fotografías enviaranse por medio dun **correo electrónico** ao seguinte enderezo: premios@fundacionluzes.gal

No asunto indicarse: «Para o PREMIO PABLO L. OROSA DE FOTOXORNALISMO da Fundación Luzes» e o mesmo nome que figure nos arquivos JPEG das fotografías.

No texto do correo incluíranse os datos identificativos do participante: Nome e apelidos, DNI ou pasaporte, enderezo postal, enderezo de correo electrónico e número de teléfono.

2-. As fotografías presentadas **non levarán firma nin identificación** ningunha na propia imaxe.

CUARTA

Prazo de recepción de obras

1-. As obras presentaranse entre o 15 de setembro e o 15 de outubro de 2021.

QUINTA

Dotación do premio

1-. O premio terá unha dotación económica de 2.500 €.

2-. Dependendo da calidade das obras presentadas, e a criterio do xurado, o premio poderá quedar deserto, e/ou esta dotación poderá ir a un/unha só/soa autor/a ou dividirse a partes iguais entre varios participantes gañadores/as.

SEXTA

Composición do xurado

1-. O xurado estará composto por: Manuel Bragado, presidente da Fundación Luzes; Manuel Álvarez, fotógrafo e membro do padroado da Fundación Luzes; Isabel Romero, membro do padroado da Fundación Luzes; os codirectores da Revista *Luzes*, Xosé Manuel Pereiro e Manuel Rivas. Ademais, convidarase a un/ha fotógrafo/a de recoñecido prestixio no ámbito do fotoxornalismo.

Luzes *J* fundación

2-. Isabel Romero exercerá de secretaria, encargándose de redactar a acta.

SÉTIMA

Ditame do Premio

1-. A decisión do xurado farase pública na páxina web da Fundación Luzes e nas súas redes sociais o 16 de novembro de 2021. A entrega do premio emitirase a través da páxina web da Fundación Luzes.

2-. O ditame do xurado será inapelable.

OITAVA

Publicación

1-. A participación conleva a autorización a Luzes xornalismo que conta, S.L. e á revista *Luzes a* publicar a reportaxe gañadora e aquelas outras participantes que considere oportunas.

2-. A Fundación Luzes resérvase o dereito a darlle unha difusión posterior ás fotografías e a reseñar aos/as autores/as con mención especial aos/as premiados/as.

3-. A Fundación Luzes, en colaboración con outras entidades, poderá realizar unha exposición de todas ou parte das reportaxes fotográficas presentadas.

NOVENA

Aceptación de bases

1-. A presentación de traballos a este concurso implica a aceptación íntegra das presentes bases. Calquera aspecto non contemplado nas bases poderá ser resolto pola organización ou polos membros do xurado.

A Coruña, 1 de Xullo de 2021